

NOME CIENTÍFICO

Pinus pinaster

Descrición:

Árbore ximnosperma de folla perenne que pode acadar os 30 metros de altura. A súa copa é aberta e irregular e as súas pólas son verticiladas.

É unha das árbores máis abundosas de Galicia en gran parte como consecuencia das grandes repoboacións efectuadas nos últimos séculos.



120

Familia: Pinaceae

Orixe: Mediterráneo occidental

Nome común: Piñeiro bravo, piñeiro do país



121

Os conos (piñas) teñen forma oval e cónica de ata 20 cm de lonxitude e 8 de ancho. No seu interior atópanse a semente ou piñón de aspecto leñoso e negro. Ten unha á membranosa.



122

As follas son aciculares en pares, longas e estreitas. A súa cor é verde agrisada e son coñecidas en Galicia por moitos nomes: arume, agulla, bruma...



123

Pinus pinaster

Hábitat

Pódese atopar dende o nivel do mar ata os 1500 metros de altitude. É típico en Galicia que ocupe solos areentos dende as praias ata o interior. Non é esixente cos solos polo que pode medrar en lugares pobres nutricionalmente como os noiros das autoestradas.

Usos ou propiedades

É unha das principais especies forestais de Europa occidental. A súa madeira é resinosa, con moitos nós e pouco flexible, de non moi boa calidade é utilizada en carpintería polo seu baixo prezo. A súa resina é utilizada pola industria de pinturas e vernices e a súa codia contén taninos empregados para curr as peles. En medicina empregase un principio activo, o leucocianidol, polas súas propiedades antihemorráxicas.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

O nome latino “pinus” parece derivar do celta “pin” que significaba montaña pola facilidade con que pode medrar en lugares de solos moi escasos. O Himno de Galicia (Os pinos) refírese a esta árbore coma un dos símbolos do país.